

CIG-Saúde NON asina o acordo de VOLUNTARIEDADE

Porque é insuficiente, inxusto e ignora as reivindicacións do persoal.



O acordo límitase a ofrecer incentivos para facer máis horas e dar máis poder ás xerencias, pero **non soluciona nin a sobrecarga nin as pésimas condicións de traballo** en Atención Primaria.

Desde CIG-Saúde presentamos alegacións claras que foron completamente ignoradas. Que reclamabamos?

- Negociar primeiro as condicións reais de traballo e a sobrecarga.
- Limitar a actividade asistencial para garantir unha atención segura.
- Garantir que a voluntariedade só se use cando non haxa profesionais dispoñibles nas listas.
- Igualdade retributiva: mesmo traballo, mesma retribución (PAC e centros de saúde).
- Igualdade de trato a persoal médico e enfermeiro.
- Reforzo do persoal e creación de prazas estruturais.

Que impón este acordo?

- Máis horas de traballo a cambio dun pago que segue a ser inferior ao que demandan as profesionais.
- Un modelo baseado en parches, non en solucións reais.
- Máis discrecionalidade para as xerencias.
- Mantemento das desigualdades incluso dentro da mesma categoría profesional.



A realidade:

Queren tapar a falta de persoal con máis carga de traballo para profesionais xa sobrecargados/as e incentivos insuficientes.

A nosa postura é firme:



Non imos ser cómplices dun acordo **que precariza, sobrecarga e non resolve os problemas** estruturais da Atención Primaria.

A voluntariedade non pode substituír a falta de persoal.

Seguiremos loitando por:

- Condicións laborais dignas
- Retribucións xustas
- Máis persoal estrutural
- Unha Atención Primaria de calidade

**POR TODAS
PARA TODAS**

